



Claudio Rodríguez Fer no *Hard Rock Cafe* de Nova York (EE.UU.)

Rock duro e poesía algo salvaxe

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética

Universidade de Santiago de Compostela

Dende rapaz, a min sempre me gustou o rock máis duro dos anos sesenta, comezando polo célebre “Born to be wild” do conxunto norteamericano Steppenwolf, así que me encantou a irrupción do entón chamado *heavy metal* británico cos grupos Deep Purple, autores da mítica canción “Smoke on the water”, e, sobre todo, Led Zeppelin. E tamén fun un apaixonado da canción *hard rock* “American woman” do grupo canadense Guess Who.

Led Zeppelin, do que formaban parte o desbocado guitarrista Jimmy Page e o ouveante cantante Robert Plant, foi para min unha das cimas do rock e, a raíz do seu frenético “Whole lotta love”, converteuse no meu grupo preferido durante boa parte da adolescencia, como teño lembrado no poema “Un vello e un rapaz”, do libro *A loita continúa*: “O peito do rapaz enchíase de chumbo coa percusión de Led Zeppelin”.

En efecto, daquela vibraba co trepidante comezo de “Communication breakdown” e cos alaridos de “Immigrant song”, pero igualmente coa fermosa melodía de “Stairway to heaven”. Ademais, Led Zeppelin baseou cancións como “Ramble on” ou “The battle of Evermore” na narrativa fantástica de Tolkien, iniciando así unha relación frecuente entre a épica guerreira deste autor e o posterior *heavy metal* anglosaxón e xermánico.

Por todo isto, combinei e citei o verso “Wanna whole lotta love”, da canción “Whole lotta love”, co erótico “Shake it, shake it, wild thing”, da sensorial peza “Wild thing”, debida ao máis melodioso conxunto británico The Troggs, para titular e compoñer o poema “Moitísimo amor (Algo salvaxe)”, da serie “Terra extrema de radiación amorosa”, incluída no libro *A muller sinfonía (Cancioneiro vital)*:

MOITÍSIMO AMOR

(ALGO SALVAXE)

Wanna whole lotta love
Led Zeppelin, "Whole lotta love"

Shake it, shake it, wild thing
The Troggs, "Wild thing"

Ámote como se fose o primeiro
que ama neste mundo.
Como unha besta salvaxe
inventando a escritura do amor
que non ten escritura.

Ámote porque non teño como amarte
nin sequera que amarte.

Ámote con moitísimo amor.

Berro dende o fondo do universo
con profundo silencio,
como un animal de luz
caendo vertixinosamente
por un burato negro.

Dende un punto extinto
no que xa non estou
cando berro e escribo.

Máis alá do real
e do posible,
explícame, inexplicable,
ti que es imposiblemente
verdadeira,
explícame o inexplicable.

Ámote en abismo
de cometa irreversible,
con tenrura feroz,
sen entender xa nada
desta luz en voráxine.

Mais, tras Led Zeppelin, só escoitei de vez en cando a truculencia tronante e o efectismo satánico do gótico *hard rock* posterior. Do *heavy metal* británico coñecín sobre todo aos grupos Black Sabbath (denominación propia da ficción de terror) e Iron Maiden (nome dun sinistro ataúde utilizado para a tortura): “Paranoid” e “War Pigs”, de Black Sabbath, ou “Wrathchild” e “The number of the beast”, de Iron Maiden, foron entón títulos tan elocuentes como inesquecibles. Mais tamén escoitei algo a outros conxuntos británicos de nomes así mesmo significativos, como Judas Priest, que, paradoxalmente, tomou o seu da canción folk “The ballad of Frankie Lee and Judas Priest”, de Bob Dylan, ou Motörhead, alusivo en *slang* ao polo demais nefasto consumo de anfetaminas.

Do *hard rock* norteamericano oín a grupos como Aerosmith, Kiss, Metallica ou Van Halen. De feito, lembro que o extraordinario e prolongado éxito de Aerosmith incluíu *heavy-blues* como “Baby, please don't go”, de Big Joe Williams, anteriormente gravado polo grupo Them de Van Morrison. Non obstante, o conxunto máis rechamante, polas súas extravagantes máscaras de cómic e polas súas espectaculares pirotecnias de circo resultou ser Kiss, de quen lembro o seu duro “Detroit rock city”. Metallica abandeirou o chamado *thrash metal*, en clara

confluencia co punk, e Van Halen provocou dende o título co álbum *For Unlawful Carnal Knowledge*, cuxas siglas son F.U.C.K.

E isto sen esquecer a banda australiana, aínda que liderada por emigrantes escoceses, AC/DC (siglas do dispositivo eléctrico *alternating current / direct current*), que se instalou en Gran Bretaña e que obtivo un dos maiores éxitos da historia do *hard rock* cos álbums *Highway to hell*, cuxa canción homónima foi un auténtico himno da banda, e *Back in black*, onde aparecen a canción tamén homónima e “You shook me all night long”.

Pero eu de mozo deixábame máis ben levar pola psicodelia hipnótica de “In-a-gadda-da-vida”, magnífica e longa peza de título dadaísta do conxunto estadounidense Iron Butterfly, unha das máis significativas músicas de fondo da miña adolescencia, que moi significativamente se ía titular *In the Garden of Eden*. E tamén me deixaba levar polas amplificadas e loucas versións de temas clásicos feitas polo grupo Vanilla Fudge. Polo demais, outro mundo para min moi atraente foi o do rock alemán, de difícil acceso en España cando eu era novo, pero do que lembro grupos revolucionarios e de gran interese: Amon Duul, Can, Tangerine Dream, Krafwerk. Ao cabo, rock duro e poesía algo salvaxe: música sen fin que parece seguir “caendo vertixinosamente / por un burato negro” cando se ama e se escribe “como un animal de luz”.

